

CSI-CSIF INFORMA

Impugnación pola "Asociación Galega de Opositores e Opositoras do Ensino, do Listaxe aprobados nos procesos selectivos para profesores de ensino secundario convocados pola Orde do 9 de abril do 2007

No D.O.G nº 48 do 7 de marzo de 2007, aparece publicado un anuncio no que se indica que "Asociación Galega de Opositores e opositoras do Ensino, Secundario", interpuxo un recurso contencioso-administrativo contra a Orde do 3 de agosto de 2007 (DOG 23/08/07) pola que se fixo pública a listaxe de opositores que superaron os procedementos selectivos convocados pola Orde do 9 de abril de 2007 para o ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño e profesores técnicos de formación profesional e procedemento de adquisición de novas especialidades polos funcionarios de carreira dos citados corpos da Comunidade Autónoma de Galicia para que os interesados poidan comparecer nese recurso contencioso-administrativo que se tramita ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, co número 537/2007, prazo de 9 días.

Os opositores e opositoras incluídos nesa listaxe, feita pública pola devandita Orde do 3 de agosto de 2007, poderían verse afectados, se resultase anulada esa listaxe, pola sentenza que se dicte nese recurso contencioso-administrativo.

CSI-CSIF pon o servizo de asesoría xurídica, a disposición dos afectados afiliados a esta Central Sindicato. Os afiliados que desexen ser defendidos polos los letrados da CSI-CSIF, deberán poñerse **urxentemente** en contacto coa Asesoría Xurídica do Sindicato, nas provincias, e remitir, a dita Asesoría, o corresponde poder.

Con independencia do anterior, a CSI-CSIF, personarase nese recurso contencioso-administrativo para defender, de xeito colectivo, os dereitos e intereses lexítimos dos opositores e opositoras que superaron os aludidos procesos selectivos.